
Programa de Desenvolvemento Estratéxico

Facultade de Ciencias

Período de validez do Programa: 2023-2026

Data de aprobación en Comisión de Calidade: 29/06/2023

Data de aprobación en Xunta de Centro: 20/07/2023

Índice

Presentación	2
Participantes	3
Antecedentes	4
Diagnose da situación do centro e as titulacións.....	5
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa.....	10

Presentación

O Equipo Decanal da Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas dos seus estudantes, así como o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran. Neste marco de actuación e co fin de conseguir situar esta Facultade nun centro de referencia dentro da Universidade de Vigo, deseñouse o Primeiro Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Ciencias. Este Programa que pretende guiar as accións deste centro para o período 2023-2026, ten como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026) e organízase arredor de cinco eixes estratéxicos de suma importancia nados do espírito de servizo e de mellora que debe caracterizar unha institución xeradora e transmisora de coñecemento que, en última instancia, está ao servizo da cidadanía. A formación impartida, a relación da universidade coa sociedade, a investigación e a transferencia; a organización dos recursos propios e as persoas que a compoñen son as cinco canles polas que flúe a súa esencia vital e que representan o que lle pode ofertar á sociedade no seu conxunto.

Participantes

O 12 de decembro de 2022, a Comisión de Garantía de Calidade da Facultade constituíu a Comisión de traballo, que se encargará da elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico e que, por acordo unánime, quedou constituída polos membros que integran a Comisión de Calidade. Posteriormente, o 16 de decembro de 2022, aprobouse na Xunta de Centro da Facultade.

Rodríguez Rajo, Francisco Javier	Decano do Centro
Gullón Estévez, Beatriz	Coordinadora de Calidade
Garrote Velasco, Gil	Coordinador do Grado en Ciencias Ambientais
Martínez Carballo, Elena	Coordinadora do Grado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Pérez Guerra, Nelson	Coordinador do Grado en Enxeñaría Agraria
Fernández González, María	Coordinadora do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
González Matías, Lucas C.	Coordinador do Mestrado en Nutrición
Martínez Suárez, Sidonia	Responsable PIUNE
Carballo Rodríguez, Julia	Enlace Igualdade
Rial Otero, Raquel	Coordinadora de Prácticas Externas
Araujo Nespereira, Pedro Antonio	Representante Profesorado
Garzón Vidueira, Raúl	Representante Alumnado
Penín Sánchez, Lucía	Egresada
González Novoa, Alicia	Representante do PAS
Muñoz González, Francisco	Representante da Sociedade

Antecedentes

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación dos procedementos (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
01-03	2008-2012	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros no ámbito dos seus SGC baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación do deseño remitidos pola ACSUG.
04	03/11/2014	Área de Calidade	<p>Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Integra e substitúe o procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> • DE01-PR01 «Planificación e desenvolvemento estratéxico» do sistema de calidade no ámbito de xestión. • Modificación do título e do código: pasa de PE01 a DE01 P1 «Planificación e desenvolvemento estratéxico». <p>Consideración dos informes finais da auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da convocatoria 2013/2014 no relativo á definición e ao seguimento dos obxectivos de calidade dos centros.</p>
05	22/02/2022	Área de Calidade	<p>Actualización do procedemento. Adaptación do procedemento ás actuacións no ámbito de centro. Modificación do título: pasa a “Programación e desenvolvemento estratéxico”.</p>

Diagnose da situación do centro e as titulacións

O Programa Estratéxico que elaboramos ten a súa orixe na definición do que somos e do que facemos, do que tomamos como punto de partida para deseñar o que queremos chegar a ser. Para elo, fíxose unha análise da situación da Facultade de Ciencias e da súa contorna mediante unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). Esta análise DAFO organizouse en dúas seccións:

- Diagnose Interna (análise de debilidades e fortalezas)
- Diagnose Externa (análise de ameazas e oportunidades)

En función desta análise, definiranse as liñas e obxectivos estratéxicos do noso centro, cos que se buscará a maneira de empregar as fortalezas para superar as debilidades, controlar as ameazas e aproveitar as oportunidades.

DIMENSIÓN INTERNA

Debilidades	Fortalezas
1. A baixa proxección cara ao tecido económico, social e cultural que provoca un evidente descoñecemento das potencialidades da Facultade de Ciencias e unha insuficiente presenza nos órganos de decisión e nos grupos de interese da contorna.	1. O cadro do persoal docente e investigador adecuado para as necesidades actuais da universidade e con capacidade de adaptación a futuros cambios.
2. O limitado coñecemento por parte do tecido empresarial das potencialidades da Facultade de Ciencias en I+D+i, tanto dos grupos e dos centros de investigación coma dos centros de apoio e dos mecanismos de transferencia dispoñibles.	2. O posto ocupado pola Facultade de Ciencias nas diferentes clasificacións de investigación xeralmente superior ao que lle correspondería por tamaño, antigüidade e financiamento.
3. A necesidade de adecuar a oferta formativa ás necesidades dun mercado laboral cambiante e que demanda unha formación continuada no tempo.	3. A existencia de persoal investigador e de grupos de investigación moi competitivos, con experiencia en convocatorias públicas e privadas, nacionais e internacionais. A investigación de calidade.
4. A escasa captación de estudantes de fóra de Galicia.	4. O elevado número de convenios con empresas e con institucións para realizar prácticas.
	5. O elevado número de investigadores e investigadoras visitantes, a existencia dun plan de internacionalización e a experiencia en proxectos de carácter internacional.

- | | |
|---|--|
| <p>6. A baixa vertebración, integración e cooperación entre os grupos de investigación para evitar redundancias e buscar sinerxías. A escaseza de proxectos de investigación interdisciplinares.</p> <p>7. A baixa captación e atracción de investigadores e investigadoras formados noutras universidades e de fóra de Galicia.</p> <p>8. O descoñecemento dos atractivos e das vantaxes de Galicia.</p> | <p>6. Os centros de apoio á investigación que posúe a Universidade de Vigo dotan aos grupos de investigación da Facultade de Ciencias das ferramentas e dos medios que sería imposible adquirir de forma individual.</p> <p>7. A creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.</p> |
|---|--|

CONTORNA EXTERNA

Ameazas	Oportunidades
<p>1. A desvalorización social dos títulos universitarios ao cuestionarse a súa utilidade para acceder ao mercado de traballo, especialmente relevante nos estudos de posgrao.</p>	<p>1. O prestixio social do que goza a Facultade de Ciencias e que se traduce nunha receptividade cara ao seu labor.</p>
<p>2. A presión para adecuar, de forma inmediata, a oferta académica a un tecido produtivo en permanente transformación.</p>	<p>2. O desenvolvemento das novas tecnoloxías e a meirande facilidade para o seu manexo por parte do estudantado incrementan as posibilidades docentes e o crecemento da ensinanza non presencial</p>
<p>3. Competencia co resto das universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), coas iniciativas de orixe privada e coas universidades en liña para captar estudantado tanto de Galicia coma foráneo.</p>	<p>3. A existencia de importantes centros tecnolóxicos na contorna da Facultade de Ciencias.</p>
<p>4. A crecente valorización social dos ciclos formativos da ensinanza profesional convérteos nunha alternativa competidora da oferta universitaria.</p>	<p>4. A investigación relacionada coa mellora da calidade de vida das persoas maiores nos seus hábitos alimentarios.</p>
<p>5. A limitada representatividade da Facultade en foros internacionais.</p>	<p>5. A calidade de vida en Galicia (seguridade, gastronomía, turismo, clima...) pode resultar un factor clave para atraer estudantado foráneo.</p>
<p>6. Dificultade para captar estudantes tanto de Galicia como doutras Comunidades Autónomas polo menor atractivo de Ourense como cidade do interior.</p>	<p>6. A próxima conexión de Galicia por tren rápido coa meseta e con Portugal.</p>

***Misión, Visión e Liñas estratéxicas**

Misión: A misión da Facultade de Ciencias é a formación de profesionais de alto nivel académico nos ámbitos de coñecemento da Enxeñaría Agraria, a Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e as Ciencias Ambientais, que sexan capaces de contribuír ao avance tecnolóxico dos diversos sectores industriais relacionados coas devanditas titulacións.

Visión: A Facultade de Ciencias aspira a ofrecer unha oferta formativa axustada ás demandas, as necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas nosas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade, baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico e da capacidade de análise e reflexión. Ademais, a Facultade aspira a ser recoñecida internacionalmente coma un centro de excelencia na investigación e na transferencia. Neste sentido, pretende incrementarse a captación e retención de talento investigador de primeiro nivel, impulsar a captación de financiación competitiva, promover a cooperación nacional e internacional e potenciar a difusión dos resultados obtidos da actividade investigadora. Con todo isto, a nosa Facultade pretende ter un papel esencial como axente dinamizador do tecido produtivo da nosa contorna, así como da sociedade, na transferencia de coñecemento e valores.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo.	Establecer un programa de captación de alumnado nos diferentes graos. Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos máis relevantes, manténdoo baixo límites apropiados.
Investigación e transferencia	Obxectivo 2. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade. Obxectivo 3. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos universitarios.	Estimular a investigación de excelencia nas áreas científicas relacionadas coas titulacións impartidas na Facultade de Ciencias. Promover a cooperación científica a nivel internacional. Definir liñas de investigación orientadas á transferencia de coñecemento.	Definir una estratexia de captación e retención de talento investigador. Promover a mobilidade de investigadores. Incrementar o número de teses doutorais defendidas. Asegurar unha oferta de programas de doutoramento de calidade.
Persoas	Obxectivo 4. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro. Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese. Avanzar e concienciar na importancia de adoptar medidas en materia de igualdade de xénero.

		servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.	Facilitar a conciliación familiar. Favorecer a formación de todos os colectivos da Facultade.
Organización e Recursos	Obxectivo 5. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.	Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento, tanto do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), como de tódolos procesos vinculados coa Calidade que afectan ao Centro y ás súas titulacións. Optimizar o uso dos espazos destinados a docencia e investigación.	Promover unha mellora integral da xestión e servizos da Facultade. Certificación da implantación do SGC da Facultade.
Relación coa Sociedade	Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo. Obxectivo 7. Impulsar a colaboración público-privada. Obxectivo 8. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas.	Construír colaboracións sólidas no ámbito de la agroalimentación e o medio ambiente con outras facultades e institucións públicas y privadas.	Promover a difusión do carácter especializado do centro en materia agroalimentaria e ambiental a través de diferentes recursos e medios. Manter vínculos e canais de difusión cos egresados da Facultade e a súa participación na vida e na mellora do Centro e as súas titulacións.

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa



